



## **PLAN DE CONVIVENCIA**

---



# IES DE SANXENXO

## ÍNDICE

- 1. Xustificación.**
- 2.2. Características do centro desde o punto de vista da convivencia.**
  - 2.1 Contorno físico.**
  - 2.2 Contorno social.**
  - 2.3 Contorno cultural.**
  - 2.4 Recursos do centro.**
  - 2.5 Recursos do contorno achegados ao Centro.**
  - 2.6 Características do alumnado.**
  - 2.7 Características do profesorado**
- 3. Observatorio da convivencia do centro.**
  - 3.1 Composición.**
  - 3.2 Competencias ou funcións**
  - 3.3 Funcionamento**
- 4. Contextualización e avaliación inicial.**
  - 4.1 Análise conceptual.**
  - 4.2 Experiencias de mellora da convivencia levadas a cabo ata agora.**
  - 4.3 Estudo da situación actual da convivencia: análise de enquisas.**
  - 4.4 Detección de necesidades.**
- 5. Plan de actuación**
  - 5.1 Obxectivos que se queren acadar co plan de convivencia.**
  - 5.2 Normas básicas de convivencia que se deben compartir e impulsar.**
  - 5.3 As alteracións da convivencia: protocolos de actuación.**



**5.3.1 Medidas preventivas.**

**5.3.2 Medidas correctoras ante conductas contrarias ás normas.**

**5.3.3 Medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.**

**5.5 Difusión do Plan.**

**6. Seguimento e avaliación do Plan: espazos, tempos, instrumentos e recursos.**

**6.1 Instrumentos de Avaliación**

**6.2. Momentos de Avaliación Cando?**

**6.3. Quen avalía o Plan?**

**6.4. Criterios de avaliación**

**7. Conclusións e proposta de melloras.**

**8. ANEXOS**



## 1. Xustificación.

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica. A partir da Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE), tamén segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo do centro. Así mesmo, no preámbulo desta mesma norma dise que “ocupa un lugar relevante, na relación dos principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza”. Ademais, “proponse o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes” como un dos fins do sistema educativo, e para a súa consecución faise extensivo a todos os niveis educativos e a todos os membros da comunidade escolar o obxectivo de traballar “a convivencia e a relación social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos”. A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PEC). Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Ademais, será ao longo dos artigos 12 ao 17 deste mesmo decreto onde se recollerán os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do plan de convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración. A elaboración do plan de convivencia non debe entenderse como unha tarefa estritamente burocrática dos centros, senón que suporá a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, de aí que sexa conveniente que na súa elaboración haxa o maior consenso posible e participación da comunidade educativa.

Este documento foi elaborado pola comisión de convivencia do Consello Escolar deste Centro e nace como unha necesidade de actualizar e mellorar a convivencia no mesmo.



## **2.2. Características do centro desde o punto de vista da convivencia.**

### **2.1 Contorno físico.**

Na actualidade o alumnado está composto por **267** alumnos/as matriculados en 12 grupos de catro cursos da ESO que proveñen na súa maioría das parroquias de Adina, Dorrón e Padriñán, ademais de Portonovo e Sanxenxo e conta cun Claustro de 30 profesores/as na súa maioría definitivos e 4 membros de persoal non docente, 2 limpadoras, unha administrativa e unha conxerxe.

A ANPA ten un papel moi importante na comunidade educativa a nivel de implicación e participación nas actividades e convivencia do centro.

### **2.2 Contorno social.**

O centro está situado na vila de Portonovo, pertencente ao Concello de Sanxenxo. Neste concello o sector económico máis importante é o hostaleiro, xa que se trata dunha zona marítimo turística.

### **2.3 Contorno cultural.**

O Centro participa no grupo de Calidade Educativa do Concello, formado polos directores/as e representantes de ANPAs dos centros de primaria e secundaria do Concello de Sanxenxo e a Concelleira de Educación e Cultura e as técnicas do Concello de Sanxenxo.

Ademais colabora na participación e difusión do Programa Educativo proposto cada ano polo Concello de Sanxenxo onde se inclúen as seguintes actividades:

- ✓ Escolas Municipais: Deportivas, Centro de arte, Ludoteca Itinerante, Escola de Música.
- ✓ Programa para a redución do abandono escolar e educación de adultos.
- ✓ Plan municipal de prevención de condutas aditivas.
- ✓ Plan de animación á lectura.
- ✓ Autoprotección: programa de axuda ós centros escolares.
- ✓ Educación para a igualdade.
- ✓ Educación ambiental. Programa de apoio escolar.
- ✓ Programa municipal de voluntariado.

### **2.4 Recursos do centro.**

O noso Centro consta de 14 aulas materia, cinco aulas específicas e unha Biblioteca. Así como cafetería, sala de pais, dez departamentos didácticos, sala de profesorado e ximnasio.

Polo que a organización do Centro ven dada pola utilización de aulas materia polo que o noso alumnado cambia de aula en cada sesión, para facilitar a organización de material escolar ponse a disposición do alumnado o uso individual de taquillas.

As titorías de tódolos cursos están organizadas na mesma franxa horaria co obxecto de favorecer os encontros entre alumnado e a realización de actividades conxuntas.

Durante os recreos ofértanse actividades alternativas propostas polo profesorado pertencente ao equipo de Recreos Alternativos dentro do programa de formación permanente do profesorado PFPP.



## **2.5 Recursos do contorno achegados ao Centro.**

A relación do IES Sanxenxo coas institucións do Concello como coa Concellería de Cultura, Educación e servizos sociais, así como co CIM, os servizos Sociais e o resto de centros de primaria e secundaria do Concello son moi frutíferas así como habituais a través do reunións do grupo de calidade, da participación de obradoiros e concursos e certames como pola comunicación directa sobre a problemática e singularidade das familias.

## **2.6 Características do alumnado.**

O alumnado do noso centro proven maioritariamente dos tres centros de primaria adscritos CEIP Magaláns, CEIP A Florida e o CEIP Portonovo, aínda que tamén escolarízase alumnado do CEIP de Nantes.

## **2.7 Características do profesorado**

O Claustro de profesores é de 30 dos cales 25 teñen praza definitiva no noso centro polo que trátase dun Claustro bastante estable.

## **3. Observatorio da convivencia do centro.**

### **3.1 Composición.**

Os observatorios da convivencia escolar dos centros educativos, segundo proceda e na forma que se determine pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, estarán integrados por:

- a) O director ou directora do centro, a quen lle corresponderá a presidencia.
- b) O xefe ou xefa de estudos, a quen lle corresponderá a vicepresidencia.
- c) De un a catro representantes do profesorado en función do número de alumnado, unidades e niveis impartidos no centro.
- d) O orientador ou orientadora do centro, se é o caso.
- e) Unha persoa representante do alumnado.
- f) Unha persoa da asociación de pais e nais con máis representatividade no centro ou, no seu defecto, unha persoa representante de pais e nais.
- g) A persoa do consello escolar do centro que desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación.
- h) Unha persoa representante do persoal non docente.

Unha das persoas anteditas, con destino no centro educativo, actuará como secretario ou secretaria e levantará acta.



Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

Correspóndelle á presidencia as seguintes funcións:

- a) A representación do observatorio, segundo corresponda, actuando como seu voceiro/a.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como a fixación da orde do día.
- c) Presidir as reunións e moderar o desenvolvemento destas.
- d) Garantir o cumprimento das disposicións legais establecidas neste decreto.

Correspóndelle á vicepresidencia as seguintes funcións:

- a) Substituír a presidencia no caso de vacante, enfermidade, ausencia e outras causas de imposibilidade.
- b) Cantas funcións lle sexan delegadas pola presidencia.

Correspóndenlles aos membros do Observatorio as seguintes funcións:

- a) Asistir ás reunións e participar nos debates, expoñendo a súa opinión e formulando as propostas que consideren convenientes.
- b) Propoñerlle á presidencia, a través da secretaría, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias e formular rogos e preguntas. Cando a proposta de inclusión na orde do día sexa presentada por un terzo dos membros, o tema incluírase na devandita.

### **3.2 Competencias ou funcións**

Os Observatorios da Convivencia Escolar dos centros educativos terán como funcións específicas:

- a) A participación na dinamización do Plan de Convivencia do Centro e na mediación escolar.
- b) A elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Este informe será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.
- c) A presentación dun informe trimestral ao Consello Escolar da situación da convivencia no centro.
- d) A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia.
- e) Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- f) Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.



### 3.3 Funcionamento

O Observatorio da Convivencia Escolar nos centros educativos sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios constituirase, no seo do consello escolar, e funcionará en Pleno.

- 1) En todo caso tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes nos membros do Pleno.
- 2) Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

### 4. Contextualización e avaliación inicial.

#### 4.1 Análise conceptual.

**Absentismo escolar:** remítenos ás persoas que non asisten ao centro educativo ou que abandonan a escolaridade obrigatoria antes do seu remate que é aos 16 anos de idade.

**Acoso:** enténdese por acoso escolar calquera forma de maltrato psicolóxico, verbal ou físico producido entre escolares de xeito reiterado ao longo dun tempo determinado. O acoso escolar é unha forma de violencia escolar.

**Agresión:** é un acto contrario ó dereito doutro; unha acción ilexítima, non xustificada legalmente, contra os bens ou os dereitos doutra persoa e, en especial, contra a súa integridade física.

**Agresividade:** é o carácter agresivo dunha persoa; (en psicoloxía) a expresión dunha tendencia do individuo que o leva a atacar persoas ou cousas no plano motor, verbal ou imaxinario. Cando se fala de agresividade escolar non se pode dar como un concepto illado senón como unha das complicacións do síndrome de déficit atencional e hiperactividade do escolar que lentamente e de xeito gradual vai perdendo a súa autoestima e como consecuencia recorre a elementos de defensa e ataque para amosar algún tipo de superioridade fronte aos seus iguais e incluso fronte aos seus educadores.

**Asertividade:** é unha estratexia e estilo de comunicación que se sitúa entre outras dúas conductas polares que son a agresividade e a pasividade. Defínese como un comportamento de comunicación maduro no que a persoa nin agrede nin se somete á vontade doutras persoas, senon que expresa as súas conviccións e defende os seus dereitos. Comunicarse con asertividade permite transmitir as nosas necesidades e desexos de forma madura e racional sen provocar o rexeitamento ou malestar doutra persoa.

**Autoestima:** é o sentimento valorativo do noso ser, de quen somos, do conxunto dos nosos rasgos corporais e psicolóxicos que configuran a nosa personalidade. Segundo como se atope a nosa autoestima, esta é a responsable de moitos dos fracasos ou éxitos persoais. Se a autoestima se vincula a un concepto positivo de si mesmo, potenciará a capacidade das persoas para desenvolver as súas habilidades e aumentará o nivel de seguridade persoal, mentres que unha autoestima baixa enfocará á persoa cara a derrota.





**Autonomía:** En termos xerais significa a capacidade de tomar decisión sen axuda doutros.

**Civismo:** Pódese entender como a capacidade de saber vivir en sociedade respectando e tendo consideración cara o resto de individuos que compoñen a sociedade seguindo unas normas de conducta e educación previamente acordadas polo colectivo ao que pertence.

**Colaboración:** Refírese a todo proceso onde se involucre o traballo de varias persoas en conxunto. Está moi relacionado coa cooperación e coordinación. A realización das persoas está baseada na colaboración e o esforzo interpersonal.

**Comportamentos disruptivos:** faise referencia a moi distintos fenómenos que acontecen a diario e que poden estar relacionados co currículo (falla de hábitos de traballo, non realización das actividades escolares, despreocupación, etc.), cos compañeiros (mentir ou falsear a realidade, mostrar incapacidade para o diálogo, xogar dentro da clase interrompendo aos demais, etc.), co profesorado (mentir, falar a berros, a chulería, xogar dentro da clase para interromper, etc.) ou en relación co centro (non aceptar as normas, deambular polo centro). Ademais, hai que engadir outras problemáticas na relación sociofamiliar: problemas familiares graves; proximidade ao mundo das drogodependencias; carencias afectivas, culturais e sociais.

**Conflito:** é definido como unha controversia ou diferenza evidente de información, intereses ou valores que sucede entre a lo menos dúas persoas que perseguen metas incompatibles, de xeito que as decisión, opinión e conductas dun afectan necesariamente ás do outro e viceversa. Un conflito non é algo bo nin malo, simplemente é algo natural, o importante é o xeito no cal encaramos ese conflito, é dicir, como reaccionamos ante o mesmo e que facemos para resolvelo. A parte positiva do conflito é a que axuda a que cambiemos, buscando a solidariedade e a cooperación para resolvelo. A idea é poder crecer e aprender cun conflito.

**Convivencia:** Dise que a convivencia é a arte de vivir en paz e armonía coas persoas e o medio que nos rodea, baseado no exercicio da liberdade e o respecto á diferenza e á capacidade dos integrantes dunha comunidade para elixir e responder polas consecuencias das súas accións. No ámbito escolar refírese ao clima de interrelacións que se producen na institución escolar. Poderíamos entendela como unha rede de relacións sociais que se desenvolven nun tempo-espazo determinado (centro educativo) que ten un sentido e un propósito (a educación e a formación dos alumnos) e que na que participan diferentes membros (docentes, estudantes, directivos, e persoal administrativo e de servizos) cooperando na construción de relacións e vínculos entre eles. A convivencia escolar configúrase como un espazo de cooperación e crecemento e se constrúe na vida cotidiana. As finalidades máis salientables da convivencia serían:

- Preparar para a vida social adulta.
- Asumir e practicar os valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres...)
- Mellorar o clima escolar (persoalización e habitabilidade dos espazos, atmosfera ordenada, tranquila, relacións dentro das aulas, orde e tranquilidade, actitude de traballo, satisfacción...)
- Atender á diversidade



**Disciplina:** Nunha institución educativa a disciplina pode ser expresada como un comportamento no cal os seus membros ríxese polo Regulamento de Réxime Interior. A perda do respecto pola norma denomínase indisciplina.

**Empatía:** A empatía é a capacidade cognitiva ou habilidade para entender as necesidades, sentimentos e problemas dos demais poñéndose no seu lugar e responder correctamente ás súas relacións emocionais.

**Igualdade:** é a situación social na que non hai diferenza de clases, nin por motivos de xénero, raza, creencia ou ideoloxía.

**Marxinación:** denomínase marxinación ou exclusión social, a unha situación de desvantaxe dunha persoa no seo dun grupo e que se produce pola dificultade que ten para integrarse nese grupo. A marxinación pode ser o efecto de prácticas explícitas de discriminación ou indirectamente ser provocada pola deficiencia dos procedementos que aseguran a integración garantindo a oportunidade de desenvolverse plenamente.

**Matonismo:** É tamén coñecido como o termo anglosaxón —bullying. Vese xeralmente como unha forma de acoso levado a cabo por un rapaz ou rapaza que é maior, máis forte ou de calquera xeito, máis poderoso/a socialmente, sobre os compañeiros máis débiles.

**Mediación:** é o proceso no que unha persoa, o mediador, axuda a que dúas persoas se comuniquen cando teñen un conflito. O mediador trata de axudar a resolver ou suavizar o conflito que teñen as outras persoas ata chegar a un acordo. Unha definición concisa sería unha negociación asistida por unha terceira persoa.

**Resiliencia:** É aquela capacidade para resistir, tolerar a presión, os obstáculos e pese a elo facer as cousas correctas, ben feitas, en condicións nas que todo parece actuar en contra. É un concepto que levado ó terreo educativo trata da necesidade de educar ós alumnos na fortaleza ante as dificultades e situación difíciles que poidan atopar na súa vida cotiá e no futuro. Todo isto implica informais, formais, favorecer as vivencias de cada etapa de crecemento físico e psíquico sen apurar os seus tempos, coñecendo as súas potencias e acercalo a eles a través de diversos modos para a comprensión de si mesmos.

**Respecto:** Consiste no recoñecemento dos intereses e sentimentos das outras persoas nunha relación afectiva. Non é simplemente consideración ou deferencia se non que implica un verdadeiro interese non egoísta polo outro máis alá das obrigacións explícitas que poidan existir.

**Sexismo:** Discriminación ás persoas polo seu sexo en lugar de polos seus méritos individuais. O sexismo pode incluír diferentes crenzas ou actitudes:

- A crenza de que un sexo é superior ao outro.
- A actitude de misoxinia (odio ás mulleres) ou misandria (odio aos homes).
- A actitude de impoñer unha noción limitada de masculinidade aos homes e unha noción limitada de feminidade ás mulleres

**Tolerancia:** é a capacidade de conceder a mesma importancia á forma de ser, de pensar e de vivir dos demais que a nosa propia maneira de ser, de pensar e de vivir. É a práctica de respecto ás opinións e os actos dos demais.



**Vandalismo:** é definido como unha inclinación, unha actitude, de destruír sen respecto calquera cousa. A nivel da rúa enténdese como algo propio da xente xoven, que actuando en grupo, causan danos nas cousas co único propósito de destruír. Segundo isto, un acto vandálico é aquel realizado or unha persoa ou varias cun resultado de danos nas cousas e prexuízos tanto de bens privados como a entidades públicas sen outro ánimo que o da destrución.

**Violencia:** A violencia como tal é un comportamento deliberado que resulta ou pode resultar, en danos físico ou psicolóxicos a outros seres humanos e asóciase coa agresión, xa que tamén pode ser psicolóxica ou emocional a través de ameazas ou ofensas.

- A violencia doméstica, violencia familiar ou violencia intrafamiliar comprende todos aqueles actos violentos, desde o emprego da forza física ata o acoso e intimidación, que se producen no seo dun fogar e que perpetrá ó menos un membro da familia contra o outro ou outros.
- A violencia física defínese como calquera acción non accidental que provoque ou poida provocar dano físico, enfermidade ou risco de padecela.
- A violencia psíquica, consta de actos, conductas ou exposición a situación que agredan ou poidan agredir, alteren ou o pidan alterar o contexto afectivo necesario para o desenrolo psicolóxico normal, tales como rexeitamentos, insultos, ameazas, humillacións e illamento.
- A violencia sexual defínese como toda actividade dirixida á execución de actos sexuais en contra da vontade da persoa, dorosos ou humillantes ou abusando do poder, autoridade, con engano ou por descoñecemento no caso dos menores.

**Xenofobia:** é un prexuízo que se manifesta con recelo, odio, fobia, rexeitamento e exclusión de toda identidade cultural allea á propia.

#### **4.2 Experiencias de mellora da convivencia levadas a cabo ata agora.**

No IES Sanxenxo levamos anos executando os seguintes proxecto con éxito, *Recreos Alternativos, Proxecto TEI e mediación de conflitos, traballo por proxectos e traballo cooperativo*, programas e proxectos incluídos tamén no Plan de Atención á Diversidade e no Programa de Intervención de Habilidades Sociais elaborado polo Departamento de Orientación dos que se nutre tamén este Plan de Convivencia.

Cada mes de setembro o alumnado pregúntalles aos seus titores sobre as propostas para os recreos do novo curso, o que amosa a excelente acollida que o proxecto ten entre eles.

Consideramos que o proxecto cumpre sobradamente as nosas expectativas previas con respecto á atención á diversidade. En concreto, as seguintes:

- Redución de conflitos nos tempos de recreo e mellora do clima de centro.
- Aumento da satisfacción persoal do alumnado polo emprego do seu tempo de recreo con maior liberdade.
- Redución da frustración e de eventuais situacións de interacción social desencadeantes de ansiedade.
- Desenvolvemento e aumento da creatividade.
- Mellora da autoestima e do autoconcepto do noso alumnado.
- Mellora cuantitativa e cualitativa da implicación do alumnado na vida do centro.
- Redución moi significativa das condutas disruptivas.



En canto o traballo por proxectos e aprendizaxe cooperativa o resultados son moi positivo, polas seguintes razóns:

- O alumnado séntense parte activa do seu proceso de ensino-aprendizaxe
- Convive alumnado de diferentes idades
- Son máis respectuosos
- Desenvolven habilidades propias de cada alumno/a, autonomía e responsabilidade
- Aprenden a traballar en equipo.
- Saben planificar, estruturar e elaborar un traballo final.
- Organizámonos como grupo de traballo e cada comezo de curso reunímonos para formular ideas, facer novas propostas e tomar decisións sobre as actividades.
- Unha vez decidida a proposta de actividades cara a un novo curso, é o alumnado o que procede ao deseño do cartel informativo de cada ano.

Mellorar a observación do profesorado de garda nos cambios de clase polos corredores fai que mellore a convivencia.

E por último unha maior implicación de alumnado colaborador durante os recreos en tarefas de observación dos titorandos/as TEI, en tarefas de limpeza... axuda a unha mellora na convivencia nos períodos de lecer.

#### **4.3 Estudo da situación actual da convivencia: análise de enquisas.**

A partir da enquisa sobre Convivencia de centro proposta pola Consellería de Educación no ano 2015 para toda a comunidade educativa, observamos que o nivel de conflitos no noso centro é escaso pero tamén que os problemas detectados circunscríbense a aquelas situacións nas que o alumnado é menos observado polo profesorado: recreos, corredores do centro en intercambios de clase e transporte escolar.

Estas situacións son precisamente as máis propicias para o acoso escolar.

#### **4.4 Detección de necesidades.**

Detección da situación de perigo a través das titorías, do Equipo Directivo e do Departamento de Orientación así como a través das enquisas sobre a convivencia.

Importante os titores e titoras TEI de 3º ESO como detectores/as de conflitos e

### **5. Plan de actuación**

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura da paz, a prevención da violencia e a mellora do rendemento no centro.
- Concienciar e sensibilizar á Comunidade Educativa sobre a importancia dunha boa convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralas.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución de conflitos que puidesen exporse no Centro, e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e de aprendizaxe.



- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Fomentar a convivencia no Centro.
- Previr o acoso entre iguais.
- Fomentar a convivencia entre os membros da Comunidade Educativa.
- Formar aos alumnos/as na convivencia.
- Implicar ás familias na resolución pacífica de conflitos

### **5.1 Obxectivos que se queren acadar co plan de convivencia.**

- Mellorar a convivencia de toda a comunidade educativa así como a comunicación entre tódolos seus membros.
- Atender á diversidade.
- Favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais.
- Prevención do acoso escolar.
- Favorecer que o alumnado sexa parte activa do centro.
- Mellorar o desempeño profesional docente.

### **5.2 Normas básicas de convivencia que se deben compartir e impulsar.**

- Respetar a todos os membros da Comunidade Educativa.
- Asistir todos os días a clase e respetar puntualmente os horarios establecidos.
- Permanecer no recinto escolar durante o período lectivo, agás autorización dos pais, e previa comunicación ó Titor/a.
- Agardar diante da aula ó profesor/a co que se teña clase, ou ó profesor/a de garda.
- Favorecer e respetar o normal desenvolvemento das clases que se lle impartan.
- Respeto ás diversas actividades que se poidan realizar dentro da biblioteca.
- Manter un comportamento adecuado en todas as dependencias do Centro (escaleiras, corredores, patio, etc.)
- Respetar a prevención de drogodependencias como obxectivo prioritario para toda a Comunidade Educativa
- Respetar as pertenzas dos membros da Comunidade Educativa.
- Respetar e usar correctamente os bens mobles, material e instalacións do Centro.
- alumnado deberá respetar e acatar as indicacións do persoal non docente durante os cambios de clase, períodos de lecer e nas zonas de expansión.
- Respetar e usar correctamente os bens mobles, material e instalacións do Centro.

### **5.3 As alteracións da convivencia: protocolos de actuación.**

#### **5.3.1 Medidas para a sensibilización da Comunidade Educativa:**

Análise a través de datos medibles (cuestionarios, sociogramas,..) das relacións interpersonais entre o alumnado do Centro, tipos de incidentes conflitivos, lugares e tempos de risco dentro do recinto escolar e problemática do entorno social se a houbera. (Diagnóstico da convivencia).



Participación en programas de formación que teñan como obxectivo compartir, dentro da Comunidade Educativa, crenzas e marcos conceptuais sobre a importancia da convivencia para o logro do benestar persoal e a mellora dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, a través dos Programas do Departamento de Orientación incluídos no PAT.

Revisión participada do NOF, Proxecto Educativo do Centro e valores que se quixesen comunicar ó alumnado para promover actitudes prosociais, de igualdade e respecto, de apertura e diálogo.

Integrar na Programación Xeral Anual as propostas concretas que sirvan para desenvolver as vontades reflexadas no Proxecto Educativo, en relación á educación para a convivencia e a paz e a resolución de conflitos

- Medidas para a revisión da organización escolar:

Potenciar a titoría, individual e grupal, como función básica na educación para a convivencia, tanto dende a estrutura e dinámica do grupo como da integración de cada alumno e alumna no seu grupo de referencia.

Definición de tempos, espazos, lugares de risco no Centro Educativo e establecemento de medidas preventivas e responsables das mesmas.

Medidas de carácter organizativo, que posibiliten, mediante a asignación flexible de horarios do profesorado, a adecuada vixianza dos espazos e tempos considerados de risco. Reforzo da vixianza nos corredores momentos en que se producen cambios de profesorado.

- Medidas para a participación e auto responsabilidade do alumnado:

Medidas para a mellora da convivencia e desenvolvemento de Programas de Mediación nos que os alumnos e alumnas aprendan a comunicarse en situacións de conflito e a mediar entre iguais, traballando técnicas de escoita activa, comunicación e resolución participada de conflitos escolares.

Desenvolvemento das medidas acordadas para a mellora da convivencia, a través dos planes titoriais grupais e individualizados dirixidos ó alumnado así como do Programa TEI.

Prantexar nas Programacións docentes e Proxecto Educativo os procesos educativos necesarios para a adquisición de hábitos sociais, interiorización das normas, desenvolvemento de habilidades sociais e de comunicación ata a maduración da conciencia moral e a actitude crítica.

- Medidas para a prevención e o tratamento individualizado do alumnado en conflito:

Detección polo titor ou titora, a través da información obtida nas sesións de titoría e nas Xuntas de Avaliación, dos alumnos que se poidan atopar en situación de posible maltrato.

Comunicación ás familias do alumnado implicado das medidas educativas adoptadas.

Derivar á orientadora do Centro aqueles casos de alumnos o alumnas que segundo os equipos docentes de aula, poidan estar sufrindo ou poidan sufrir previsiblemente algún tipo de maltrato escolar.

Aplicación de medidas educativas correctoras ou sancionadoras. Seguimento e análise da súa efectividade.



Desenvolvemento de aspectos relacionados co crecemento persoal do alumnado implicado en situacións conflitivas: a. Tratamento grupal de habilidades sociais asertivas. b. Educación para as relacións interpersonais. c. Desenrolo de tendencias prosociais a través de métodos cooperativos. d. Técnicas de autocontrol, empatía e comprensión do sentimento dos outros. e. Solución de conflitos a través de métodos non-violentos.

Educación para a comprensión, respecto e asunción de normas grupais.

### 5.3.2 Medidas correctoras ante conductas contrarias ás normas

Respecto das medidas correctoras das conductas contrarias ás normas tipificadas no NOF, en canto ao órgano encargado, documento a cubrir, procedemento de actuación e tipo de corrección prevista, propoñemos o seguinte cadro explicativo que permite unha mellor comprensión.

| TIPOLOXIAS DE FALTAS           | ÓRGANO ENCARGADO                           | DOCUMENTO A CUBRIR   | PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN   | CORRECCIÓN  |
|--------------------------------|--|--|---|---|
| AMONESTACIÓN VERBAL            | O profesor/a que tivo coñecemento do feito | Non se cubrirá documento pero se informará ó titor do grupo ó que pertenza o alumno/a              | O profesor/a reprobará ó alumno de xeito individual ou en presenza do resto de compañeiros                                    | O profesor/a decidirá se cómpre ou non impoñer unha corrección organizada polo profesor/a e asesorado polo Departamento de Orientación.                             |
| PARTE DE INCEDENCIA            | O profesor/a que tivo coñecemento do feito | Cubrirase o parte de incidencia indicando o motivo da falta para entregar á familia do alumno/a    | O profesor/a cubre e entrega o parte de incidencia ao alumno/a para que o leve a casa para asinar                             | Corrixir calquera das tres situacións que se contemplan na incidencia:<br>Non trae material<br>Altera o funcionamento da clase.                                     |
| FALTA DE ORDE                  | O profesor/a que tivo coñecemento do feito | O/A profesor/a asinará o documento de falta de orde indicando os feitos e comunicarllo ao alumno/a | O/A profesor/a cubre e entrega en Xefatura de Estudos e é o administrativo quen dirixirá o orixinal ós pais e copias ó titor. | O profesor/a decidirá e organizará a corrección asesorado pola Dirección e polo Departamento de Orientación.  |
| ACUMULACIÓN (4 FALTAS)         | Xefatura de Estudos                        | Xefatura de Estudos informará ás familias da situación e da sanción imposta.                       | Entrevista do alumno/a co Xefe de Estudos.  | Privación de tres recreos, realizando actividades organizadas e supervisadas polo Equipo Directivo ou privación da asistencia a actividades lectivas ata tres días. |
| USO DO TELÉFONO MÓBIL NA CLASE | Profesor/a e Equipo Directivo              | Retirada en Xefatura de Estudos do teléfono móbil durante 48h.                                     | O/A alumno/a acudirá a unha entrevista cun membro do Equipo Directivo   | En caso de reiteración ou intencionalidade, o alumno/a será sancionado cunha falta  |



### 5.3.3 Medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

Respecto as medidas das conductas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro tipificadas no NOF aplicarase o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015, neste caso abrirase un Expediente Disciplinario ou o que é o mesmo a Dirección incoará o expediente no que realizará o nomeamento da persoa instrutora e a notificación aos implicados (ou responsables legais, se procede) e á Inspección Educativa.

### 5.4 Difusión do Plan.

A difusión do plan de convivencia realizarase en cada un dos sectores da comunidade educativa do seguinte xeito:

- Alumnado: a través do Equipo Directivo, das titorías, xunta de delegados e representantes do alumnado no Consello Escolar e no Observatorio da Convivencia.
- Profesorado: a través do Claustro, comisións de coordinación pedagóxicas, consello escolar e Observatorio da Convivencia.
- Familias: a través información recibida pola ANPA e xornadas de acollida a pais a principio de curso por parte do Equipo Directivo, Dpto. de Orientación, e entrevista co titor.
- Toda a comunidade educativa poderá ter acceso ao Plan de Convivencia posto que quedarán unha copia a disposición do profesorado na sala de profesores, e outra para os pais e alumnos en conserxería. Ademais publicarase unha síntese do Plan de Convivencia na páxina web do centro.

## 6. Seguimento e avaliación do Plan: espazos, tempos, instrumentos e recursos.

Para realizar a avaliación do Plan de Convivencia, será preciso determinar, por unha banda o que imos avaliar, o como a través dos criterios que nos permitan valorar a consecución dos obxectivos e dos instrumentos o cando, é dicir, determinar en que momentos, e o quen, ou sexa, os responsables de realizar o seguimento do Plan.

### 6.1. Criterios de avaliación

Grao de consecución dos obxectivos.

Grao de implicación e satisfacción dos implicados (alumnado, profesorado e familias).

Adecuación das accións: As liñas de intervención foron axeitadas?, acadáronse as finalidades que se esperaban?, a súa posta en marcha foi correcta?, os axentes implicáronse na súa realización?

Materiais e temporalización. As diferentes acción foron axeitadas en canto a tempos?, os materiais empregados foron axeitados? Disponíase dos recursos necesarios?





Efectos non acadados e efectos acadados e non previstos.

## 6.2. Quen avalía o Plan?

- Alumnado: Proporáselle que avalíe as diferentes accións levadas a cabo, a través de cuestionarios e de entrevistas. Esta avaliación irase levando a cabo a medida que se vaian desenvolvendo as diferentes accións.
- Equipo Directivo: Avaliará fundamentalmente a efectividade do Plan de Convivencia en todo o relacionado coas medidas correctoras, incidencias de aula, correccións aplicadas polo profesorado e polo Equipo Directivo, efectividade das mesmas, porcentaxes de tipos de conductas habituais,..., o Xefe de Estudos realizará trimestralmente un informe sobre o estado das incidencias ou conductas contrarias mais habituais dentro das aulas, e comunicarlle ao Claustro, Consello Escolar e Observatorio da Convivencia.
- Consello Escolar: Analizará periodicamente, a lo menos unha vez ao trimestre o estado da convivencia no Centro e solicitará ao Observatorio da convivencia do Centro a elaboración de informes sobre a mesma así como a suxestión de liñas de actuación prioritarias en cada momento do curso atendendo ás necesidades que vaian xurdindo.

Ademais disto, valorarase no seo do Consello Escolar, o Regulamento de Réxime Interno, o seu funcionamento e efectividade, e proporanse posibles modificacións en relación á organización e funcionamento do centro que poidan redundar na mellora do clima social do mesmo.

- Observatorio da Convivencia do Centro: Elaborará Informes sobre o estado da Convivencia e analizará a evolución das accións realizadas dende o Plan de Convivencia, como mínimo con unha periodicidade trimestral, informando ó Consello Escolar.
- Profesorado: O Profesorado en xeral informará ao Equipo Directivo e ao Departamento de Orientación, cando sexa necesario, das incidencias producidas, correccións aplicadas, e dos resultados das mesmas na mellora do clima das aulas.

Así mesmo, serán os encargados da cumprimentación das enquisas a principios de curso para a realización do estado da convivencia e clima social do centro e da cumprimentación de cuestionarios de avaliación a finais de curso para a realización da Memoria do Centro e da valoración dos resultados obtidos.

Por outra banda, e tendo en conta que dende a LOE se prevé que dende todas as materias se traballará a educación en valores democráticos, o profesorado incluír na súa Memoria, as accións levadas a cabo neste senso dende a súa materia e o grao de adecuación das mesmas en beneficio da mellora da convivencia no Centro, así coma en relación á adquisición das competencias básicas de autonomía e inserción social así coma de competencia social e cidadá.

- Titores/as: Os titores e titoras, valorarán, ademais das incidencias producidas no grupo de tutoría que teñan asignado, as accións levadas a cabo en relación ó Plan de Convivencia dende o Plan de Acción Titorial, así mesmo valorarán tamén o grao de implicación das familias neste senso.
- Departamento de Orientación:

A Orientadora do Centro, en colaboración cos demais membros do Departamento de Orientación, valorará o grao de consecución dos obxectivos propostos no Plan de acción Titorial, en relación á



convivencia no centro. Analizará os cuestionarios realizados a o alumnado, profesorado e familias, incluíndo as conclusións na Memoria do Departamento.

Valoraranse igualmente dende este Departamento, as accións levadas a cabo en momentos puntuais co alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de alteracións comportamentais, así coma a evolución deste alumnado ó longo de cada curso.

Familias: Dende o centro solicitaráselles ás familias, por unha banda, a realización, mediante cuestionario, da valoración da convivencia no centro, así coma a proposta de accións de mellora, que redunden na educación integral dos seus fillos e fillas.

Outras institucións do contorno social e cultural: Solicitarase doutras institución como a Cruz Vermella na realización dos obradoiros de prevención de conductas violentas, que nos transmitan a información obtida da avaliación que realicen dos mesmos as / os monitores e o alumnado. Así mesmo, manterase contacto periódico cos Servicios Sociais do Concello, así como co Servicio de Saúde, en relación a aqueles casos nos que presenten graves alteracións da conducta e que sexan de tratamento conxunto entre o centro educativo e estas institucións.

### **6.3. Momentos de Avaliación Cando?**

Avaliación Inicial: Avaliación de necesidades: A avaliación ou diagnóstico da situación, foi levada a cabo para a propia elaboración do Plan, a través das enquisas, observación e análise das incidencias, quedando reflectida nos anexos que se achegan a este documento. En vindeiros cursos, durante o primeiro trimestre, realizaranse as mesmas accións para determinar a situación e, deste xeito, ir adaptando a planificación ás necesidades que se detecten,

Formativa ou continua que se levará a cabo ó remate de cada actividade, ou acción desenvolta, de xeito que vaíamos comprobando a efectividade de cada unha delas, a adecuación dos materiais, implicación das persoas, etc, e retroalimentando en cada momento a posta en marcha do Plan. O Observatorio da Convivencia, a lo menos trimestralmente, determinará, en relación ós criterios establecidos, a necesidades de modificacións que se poidan producir.

Sumativa ou final: que se fará ó remate do curso co obxectivo de ter en conta os resultados e propostas de mellora, quedará reflexada na Memoria do Centro.

### **6.4 Instrumentos de Avaliación**

Os métodos ou instrumentos fundamentais para a avaliación da convivencia, que se empregarán de xeito simultáneo serán os seguintes

Enquisas.

Cuestionarios.

Probas obxectivas relacionadas co autoconñecemento, habilidades sociais...

Observación directa e participante.

Mediacións.

## **7. Conclusións e proposta de melloras.**

Este plan de convivencia está aberto a calquera suxestión e proposta de mellora. De feito, non é un documento pechado, se non que se irá modificando nos vindeiros anos e enriquecendo con diversas



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. SANXENXO

Baltar s/n - 36970 Portonovo (Pontevedra)

Tefl. 986 724 108 - e-mail: [ies.sanxenxo@edu.xunta.es](mailto:ies.sanxenxo@edu.xunta.es)

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iessanxenxo>

aportacións da Comunidade Educativa. Como plan de convivencia o que pretende é ser a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora.



## 8. ANEXOS

- A documentación precisa atoparase na páx web do centro:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanxenxo/>
- Programa TEI:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanxenxo/taxonomy/term/111>
- Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso:  
[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo\\_xeral\\_para\\_a\\_preve\\_ncion\\_deteccion\\_e\\_tratamento\\_do\\_acoso\\_e\\_ciberacoso\\_escolar\\_v.2.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_xeral_para_a_preve_ncion_deteccion_e_tratamento_do_acoso_e_ciberacoso_escolar_v.2.pdf)
- Protocolo corrector de conductas:  
<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>  
[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/procedemento\\_corrector\\_mapa\\_v.2.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/procedemento_corrector_mapa_v.2.pdf)